

# Manifesto Día da Paz

Hoxe como cada 30 de xaneiro o alumnado do CEIP Santa Baia reunímonos para celebrar o "Día da Paz".

A tolerancia, a solidariedade, a concordia, o respecto os Dereitos Humanos, a non-violencia e a paz son motivos para recordar este data.

É por elo que dende aquí queremos alzar a voz en favor da PAZ e manifestar o noso rechazo a toda forma de violencia.

Moitas veces cando falamos de paz pensamos nas guerras cuxo orixe é covardía. Os covardes non dialogan, so agreden e atemorizan, e as vítimas son as xentes dos pobos as que se priva de vivir en liberdade. Hoxe recordamos lugares que tristemente son noticia polos seus conflitos armados: Ucraia, Gaza, Somalia, Sudán, Nixeria, Siria... Pobos que se viron obrigados a abandonar os seus fogares e perder os seus familiares

A paz é estar xunto os nosos compañeiros e compañeiras no momento que o necesiten evitando sempre as palabras de burla e os xestos que moitas veces crean feridas profundas.

Ter unha actitude positiva, acompañar, saber escoitar e seguir os bos consellos da nosa familia e mestres, axudarannos a construír un mundo mellor como cidadáns globales, críticos e comprometidos cos nosos dereitos e os doutras persoas.

Estamos convencidos/as que todos e todas, sumando esforzos podemos parar as guerras, podemos acabar coa fame no mundo, coa explotación infantil, co tráfico de persoas, coa violencia en todas as súas formas e a intolerancia a través dos valores. Pois como dixo Nelson Mandela, "Os rapaces non somos o futuro da sociedade senón que somos o futuro das ideas".

Comprometámonos coa vida e a natureza, co diálogo como única arma para loitar polos dereitos e liberdades e así acadar un mundo igualitario e máis xusto.

Como di a canción:

Soño con un mundo de todos e todas, onde se disparen sorrisos, desbotemos o odio e florezca a paz e xustiza.

Alumnado de 6º B Educación Primaria

